



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

**Novembro 2024**

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2025

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade do sector servizos. Base 2021. Novembro 2024


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de novembro en Galicia un crecemento do 2,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 11,8 puntos á do mes de outubro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 0,6%, taxa inferior en 5,8 puntos á do mes anterior.
- A cifra de negocios aumenta en trece comunidades autónomas no mes de novembro.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,1% e en España un 1,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En dezaseis comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de novembro.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de novembro en Galicia un crecemento do 2,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 11,8 puntos á do mes de outubro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 0,6%, taxa inferior en 5,8 puntos á do mes anterior.



O *Comercio*, cun crecemento do 0,3%, suma 0,1 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 8,1%. En España a facturación no *Comercio* diminúe o 1,4% e os *Outros servizos* medran o 4,4%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra un aumento do 0,5% e o *Comercio ao retalho* aumenta o 1,3%, co que suman 0,3 e 0,2 puntos respectivamente a taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe o 6,5% e resta 0,4 puntos á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 1,5%, o *Comercio por xunto* diminúe o 3,6% e o *Comercio ao retalho* aumenta o 1,9%.

Nos *Outros servizos*, os maiores crecementos rexístranse no *Transporte* (13,5%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 4,4%. O maior incremento prodúcese nas *Hostalería* (8,7%).

No acumulado do ano, a cifra de negocios aumenta un 3% en Galicia e un 2,8% en España. A *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistra o maior incremento tanto en Galicia como en España mentres que *Comercio por xunto* é o único sector con caída, -0,8% en Galicia e -1,4% en España.

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 6,2% no mes de novembro.


O sector con maior incremento é o *Transporte* (13%).

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 4,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 7,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




## 1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de novembro, a cifra de negocios aumenta en trece comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Illes Balears (6,8%), Canarias (6,1%) e La Rioja (5,3%) son as comunidades con maior incremento da facturación. A maior caída rexístrase en Madrid (-1,6%).

Nos primeiros once meses do ano, a cifra de negocios aumenta en dezaseis comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en La Rioja (9,9%), Illes Balears (6,9%) e Cantabria (5,4%). Diminúe a facturación en Aragón (-0,3%).

### Índices de cifra de negocios. Novembro 2024

Taxa de variación en %




## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,1% respecto ao mes de novembro de 2023, menos que en España (1,5%).

O persoal ocupado crece un 0,4% no *Comercio* e un 1,5% nos *Outros servizos*. O sector con maior incremento é *Transporte* (4,7%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,5% tanto no *Comercio* coma nos *Outros servizos*. O maior crecemento rexístrase na *Venda e reparación de vehículos de motor* e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (ambas cun crecemento do 1,9%)



No que vai de ano, a ocupación aumenta un 1,3% en Galicia e un 1,8% en España. *Venda e reparación de vehículos de motor* e *Información e comunicacións* rexistran os maiores incrementos en Galicia. En España, os maiores crecementos rexístranse en *Venda e reparación de vehículos de motor*, *Hostalería* e *Actividades administrativas e servizos auxiliares*.


## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de novembro con respecto ao mesmo mes do ano 2023 agás Extremadura.

No acumulado do ano, todas as comunidades incrementan o persoal ocupado, rexistrando o maior crecemento Canarias (3,3%).

## Índices de persoal ocupado. Novembro 2024

### Taxa de variación en %



## Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Novembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>133,3</b>	<b>2,3</b>	<b>3,0</b>
<b>Comercio</b>	<b>134,1</b>	<b>0,3</b>	<b>1,6</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	135,1	-6,5	17,5
Comercio por xunto	138,6	0,5	-0,8
Comercio ao retallo	120,6	1,3	3,3
<b>Outros servizos</b>	<b>131,4</b>	<b>8,1</b>	<b>6,9</b>
Transporte	144,2	13,5	7,4
Hostalería	133,6	5,6	3,6
Información e comunicacións	139,1	5,1	12,6
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	119,8	2,6	5,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	117,6	7,8	6,7
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>125,5</b>	<b>0,6</b>	<b>2,8</b>
<b>Comercio</b>	<b>123,2</b>	<b>-1,4</b>	<b>1,1</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	140,0	1,5	8,2
Comercio por xunto	117,7	-3,6	-1,4
Comercio ao retallo	130,1	1,9	3,7
<b>Outros servizos</b>	<b>129,6</b>	<b>4,4</b>	<b>5,9</b>
Transporte	129,0	3,2	4,2
Hostalería	134,3	8,7	8,0
Información e comunicacións	126,1	3,8	5,0
Actividades inmobiliarias	127,1	4,6	2,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	130,7	3,2	7,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	149,2	4,4	7,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Novembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	134,1	6,2	6,7
Comercio	133,2	3,1	6,3
Transporte	141,9	13,0	7,8
Hostalería	139,9	6,1	3,5
Información e comunicacións	144,7	5,5	13,7
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	118,0	3,8	10,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	122,5	11,7	7,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.**  
**Novembro 2024**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>125,5</b>	<b>0,6</b>	<b>2,8</b>
Andalucía	126,2	2,8	4,3
Aragón	120,3	-0,7	-0,3
Asturias	127,9	3,7	5,1
Baleares, Illes	111,0	6,8	6,9
Canarias	156,4	6,1	5,3
Cantabria	119,0	2,5	5,4
Castilla y León	121,3	3,1	3,8
Castilla-La Mancha	125,4	2,3	4,7
Cataluña	123,6	-0,2	3,2
Comunitat Valenciana	120,5	0,1	4,3
Extremadura	120,3	1,7	3,8
<b>GALICIA</b>	<b>133,3</b>	<b>2,3</b>	<b>3,0</b>
Madrid	127,4	-1,6	0,5
Murcia	119,3	0,1	2,2
Navarra	130,8	1,7	5,0
País Vasco	122,0	-0,4	0,4
Rioja, La	135,1	5,3	9,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Novembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>106,2</b>	<b>1,1</b>	<b>1,3</b>
<b>Comercio</b>	<b>103,6</b>	<b>0,4</b>	<b>0,6</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	100,1	2,8	3,6
Comercio por xunto	103,1	-1,1	0,5
Comercio ao retallo	104,6	0,7	0,1
<b>Outros servizos</b>	<b>107,9</b>	<b>1,5</b>	<b>1,8</b>
Transporte	106,7	4,7	2,2
Hostalería	111,1	-1,7	0,6
Información e comunicacións	112,0	0,9	3,2
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,9	2,1	2,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	106,8	2,5	2,1
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>108,0</b>	<b>1,5</b>	<b>1,8</b>
<b>Comercio</b>	<b>106,5</b>	<b>1,5</b>	<b>1,8</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	105,1	1,9	2,2
Comercio por xunto	106,4	0,7	1,5
Comercio ao retallo	106,8	1,9	1,9
<b>Outros servizos</b>	<b>108,8</b>	<b>1,5</b>	<b>1,8</b>
Transporte	108,9	1,2	1,2
Hostalería	110,7	1,6	2,2
Información e comunicacións	112,1	0,8	1,8
Actividades inmobiliarias	100,4	-0,2	-0,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,0	1,7	1,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,0	1,9	2,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.**  
**Novembro 2024**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>108,0</b>	<b>1,5</b>	<b>1,8</b>
Andalucía	107,8	1,8	1,7
Aragón	104,9	2,1	2,1
Asturias	105,1	0,2	1,1
Balears, Illes	103,1	2,7	1,8
Canarias	114,7	2,8	3,3
Cantabria	103,3	1,1	1,2
Castilla y León	103,6	1,2	1,1
Castilla-La Mancha	107,4	1,9	1,2
Cataluña	108,2	1,1	2,1
Comunitat Valenciana	107,3	1,3	1,4
Extremadura	105,6	-0,4	0,8
<b>GALICIA</b>	<b>106,2</b>	<b>1,1</b>	<b>1,3</b>
Madrid	111,2	1,8	2,1
Murcia	106,5	0,8	1,6
Navarra	108,0	2,4	1,4
País Vasco	104,2	0,4	1,1
Rioja, La	105,5	0,3	1,5

Fonte: INE